

Sanidade Vexetal: enfermidades e pragas das plantas



Impartido por:

- José Díaz Varela, Facultade de Ciencias da UDC

Descrición:

A temática da actividade será a Sanidade Vexetal, facendo especial fincapé na Patoloxía Vexetal. A Sanidade Vexetal ocúpase dos diferentes problemas sanitarios das plantas: as enfermidades (Patoloxía Vexetal ou Fitopatoloxía), as pragas (Entomoloxía Aplicada) e as malas herbas (Malherboloxía). Neste seminario darase una visión xeral da Sanidade Vexetal e, xa de xeito máis específico das enfermidades das plantas (nomeadamente as causadas por fungos, bacterias, virus, etc. patóxenos) e das súas pragas (insectos e arácnidos). Non se trataría de diagnose, senón dunha visión xeral de como estes organismos atacan ás plantas, como estas se defenden e dos posibles tratamentos de control e prevención.

Obxectivos:

1. Tomar conciencia da importancia da sanidade das plantas, como unha parte da sanidade global (concepto One Health: Medicina, Veterinaria e Sanidade Vexetal).
2. Identificar os principais organismos causantes das enfermidades e pragas das plantas
3. Coñecer os rudimentos do sistema inmunitario/defensivo das plantas
4. Ter unha visión xeral das estratexias para controlar as enfermidades e pragas das plantas

Metodoloxía:

- Nas sesións de aula: exposición apoiada por recursos audiovisuais (imaxes, vídeos) e material biolóxico (cultivos de microorganismos, exemplares de plantas, froitas, hortalizas, etc., con enfermidades ou pragas). Aclarar que este material é inocuo para as persoas (coa excepción de alerxias: unha laranxa cunha enfermidade é perigosa para unha persoa alérxica ás laranxas, non pola enfermidade). Os devanditos recursos usaranse para establecer un diálogo cos estudantes e que fagan preguntas.
- Na sesión de visita guiada a un parque, comentario *in situ* do que se vai vendo e diálogo cos estudantes..

Contidos:

Tres sesións de 2 horas na aula sobre

1. Xeralidades da Sanidade Vexetal e dos métodos de control cultural, químico e biolóxico,
2. Mecanismos de ataque dos patóxenos,
3. Mecanismos de defensa das plantas.

Nestas sesións levaríase material biolóxico para que os estudantes o puidesen observar e manipular.

Unha sesión de 2 horas consistente nunha visita guiada a un parque, que podería ser un destes ou outro: Xardíns de Méndez Núñez, Monte de Santa Margarita, A Maestranza, Monte de San Pedro, Campus de Elviña ou da Zapateira, etc.

Na visita os estudantes poderían observar síntomas e signos de enfermidades e pragas das plantas ornamentais dun deses lugares.

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 17 a 19 horas**), os **días 20, 27 de abril, e 4 e 11 de maio de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscripción e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 20 de marzo ao 6 de abril de 2026**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)